

REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Natureza e ámbito de actuación

1.- O Consello Sectorial de Benestar Social constitúe o órgano colexiado de participación do Concello de Ferrol, de carácter consultivo, informativo, de asesoramento e proposta, para a promoción das políticas sociais municipais de Ferrol e das asociacións da cidade vinculadas directa ou indirectamente co benestar social.

Artigo 2. Adscrición orgánica

Sen prexuízo da súa independencia funcional, o Consello Sectorial de Benestar Social intégrase na Concellería de Benestar Social que lle proporcionará apoio técnico e a estrutura necesaria para o seu funcionamento.

Artigo 3. Finalidade

A finalidade principal do Consello Sectorial de Benestar Social é potenciar o benestar social, a inclusión social e a calidade de vida dos colectivos en situación de vulnerabilidade, risco de exclusión ou exclusión social da cidade de Ferrol, mediante a participación activa de representantes das institucións e das súas asociacións nos asuntos municipais do seu interese.

Artigo 4. Normativa de funcionamento

Este Consello Sectorial de Benestar Social funcionará de conformidade co establecido no título III, capítulo I do Regulamento de participación cidadá aprobado no Pleno do Concello de data 9.07.2009 (BOP núm. 256, do 02.12.2009) e no presente Regulamento interno de funcionamento.

Capítulo II. Funcións

Artigo 5. Funcións

Son funcións do Consello Sectorial de Benestar Social as seguintes:

- a) Fomentar a participación directa na xestión de cada área de actuación municipal das persoas e das entidades interesadas, establecendo `para este efecto os mecanismos necesarios de información, estímulo e seguimento das actividades relacionadas coas materias integradas na Área de Benestar Social.
- b) Promover e fomentar o asociacionismo vinculado coa política social, así como a colaboración e coordinación entre as diferentes entidades que actúen no ámbito de obxecto do Consello, xa sexan públicas ou privadas.

*Participar do establecemento dos obxectivos xerais e específicos da política municipal de benestar social.

*Coñecer e valorar as liñas orzamentarias municipais en materia de benestar social, así como o obxectivos xerais e específicos da política municipal de Benestar social

c) Exercer como órgano asesor e de consulta non vinculante do Concello de Ferrol en materia de benestar social.

c.1) Debatendo e valorando os asuntos que presente o Concello, especialmente a información, seguimento e avaliación de programas anuais e do plan anual de actuación que deberá presentar o Concello no Consello Sectorial¹; e

c.2) Elaborando propostas que faciliten a calidade de vida das persoas e o fortalecemento das asociacións e da propia Concellería de Benestar

d) Asesorar o Concello sobre as actuacións que este realice no ámbito de actuación do Consello:

d.1) Propoñer e canalizar iniciativas e suxestións que permitan promover unha mellora das políticas sociais no eido do do noso municipio.

d.2) Propoñerlle á Corporación municipal as medidas que considere oportunas para promover e potenciar o asociacionismo relacionado co benestar social e o traballo en rede.

d.3) Promover a colaboración entre o Concello e as entidades que forman parte do Consello Sectorial de Benestar Social no deseño e o desenvolvemento da conmemoración daquelas datas que se estime de forma acordada promover, poñer en valor ou destacar/celebrar desde, ou en colaboración, coa institución municipal.

e) Solicitarlle información do Concello, con petición razoada previa, dos temas de interese para o Consello.

f) Promover a realización de estudos ou traballos de investigación sobre a situación social de Ferrol, co fin de valorar e optimizar as actividades e recursos da Concellería de Benestar Social , así como das propias entidades que integran o Consello a e propoñer actuacións concretas no seo deste Consello Sectorial de Benestar Social.

g) Fomentar a aplicación de políticas e actuacións municipais integrais encamiñadas á defensa dos colectivos anteriormente citados.

h) Canalizar perante os órganos competentes denuncias fundadas de condutas discriminatorias aos colectivos en situación de vulnerabilidade, risco de exclusión ou en situación de exclusión social, así como impulsar iniciativas e suxestións que se presenten ao Consello sexan ou non formuladas polas súas integrantes.

i) Informar sobre as súas actuacións e sensibilizar á cidadanía en materia de benestar e política social, difundíndoa en publicacións, páxina web ou outros medios.

¹ Do RPC art. 29.1.c

k) Cooperar con outros consellos de participación social municipal, así como con outros Consellos de Benestar Social doutros ámbitos territoriais.

l) Calquera outra función relacionadas cos seus fins que puidese encomendárselle.

Capítulo III. Composición do Consello

Artigo 6. Composición

1. O Consello Sectorial de Benestar Social está constituído polos/as seguintes compoñentes:

a) Presidencia: Alcalde/sa, ou concelleiro/a responsable da Área de Benestar Social.

b) Vicepresidencia: unha persoa elixida democraticamente entre a cidadanía que participa a título individual, e outra entre as persoas que participan en representación das asociacións.

c) Un/Unha representante por cada un dos partidos políticos con representación no Pleno.

d) Unha persoa en representación de cada unha das entidades cidadás, inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás relacionadas co sector ou co interese na materia. Neste espazo tamén terán representación as entidades, plataformas, cooperativas, e entidades do terceiro sector que se consideren de interese do Concello de Ferrol, e excepcionalmente poderá acodir un/unha técnico/a ou en quen delegue a entidade, no caso de non estar dispoñible a persoa representante da entidade. O número máximo de colectivos participantes será de 50.

En relación co parágrafo anterior, as entidades interesadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1) Estar debidamente constituídas.

2) Estar rexistradas no Rexistro Municipal de entidades cidadás do Concello de Ferrol.

3) Que os seus estatutos recollan a defensa e promoción dalgún capítulo/tema/aspecto relacionado co benestar social ou as políticas sociais.

e) Persoas a título individual, maiores de 18 anos, que manifesten interese na materia do Consello. O número máximo de persoas será de 3. No suposto de que se presenten máis solicitudes, realizarase un sorteo para determinar quen resulta elixida como participante do Consello.

Formarán parte do Consello, con voz pero sen voto:

☛ A/o xefe de negociado/sección/servizo, como secretario/a.

☛ O/a técnico/a de Participación Cidadá.

Poderán asistir ao Consello, con voz pero sen voto:

☛ Profesionais da Área de Benestar Social, en calidade de asesores/as.

☛ Persoas expertas ou de recoñecido prestixio no ámbito da actividade do propio Consello, con previa autorización da Presidencia, cuxa testemuña poida ser de interese en algún punto da orde do día correspondente.

Poderán asistir ao consello, con voz pero sen voto, tamén acompañantes de entidades, asistentes personais, interpretes de lingua de signos.

Artigo 7.- Nomeamento das persoas membros do Consello

As persoas representantes dos grupos políticos serán nomeadas e separadas, por proposta de cada un deles.

Os/as demais vogais do Consello serán nomeados/as e separados/as, por proposta das entidades que cumpran os requisitos sinalados no artigo anterior.

O/a secretario/a e os/as profesionais municipais serán designados/as polo/a concelleiro/a responsable da Área.

Cada vogal titular contará cun/cunha suplente.

Artigo 8. Cesamento do das persoas membros Consello

1.- As compoñentes do Consello Sectorial de Benestar Social cesarán polas seguintes causas:

- a) Renuncia expresa.
- b) Expiración do prazo do seu mandato.
- c) Declaración de incapacidade ou inhabilitación para o desempeño do cargo público por sentenza xudicial firme.
- d) Disolución da entidade á que representan.
- e) Contravir as obrigas legais e regulamentarias esixibles a asociacións ou entidades, así como o disposto nos regulamentos municipais que lle sexan de aplicación.
- f) Pola falta de asistencia sen xustificar a dúas sesións seguidas ou tres non consecutivas do Pleno do Consello

Capítulo IV. Funcionamento

Artigo 9. Periodicidade

O Consello reunirse en sesión ordinaria, coa periodicidade que fixe por propio acordo o Consello, establecéndose obrigatoriamente catro reunións ao ano, en sesión ordinaria.

Poderán solicitar a reunión do Consello Sectorial de Benestar Social en convocatoria extraordinaria cando así o demande unha terceira parte das persoas que o conforman.

Artigo 10. Quórum de asistencia

Para a válida celebración das sesións requírese a asistencia da persoa titular da Presidencia e da Secretaría e, polo menos, a metade das persoas representantes das entidades cidadás e da cidadanía a título individual, quórum que deberá manterse durante toda a sesión.

Se o dito quórum non se alcanzase, constituirase en segunda convocatoria media hora máis tarde, e será suficiente a asistencia da terceira parte das persoas representantes das entidades cidadás e da cidadanía a título individual, ademais da presidenta e a secretaria.

Artigo 11. Convocatorias

A convocatoria das sesións correspóndelle á Presidencia que deberá acompañar á mesma a orde do día comprensivo dos asuntos a tratar atendendo as propostas que por escrito puidesen presentar as compoñentes do Consello. A antelación da convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias será de oito días.

Respecto á celebración de sesións extraordinarias e urxentes convocaranse sen límite de antelación.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estea presente a metade máis unha das compoñentes do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría simple das persoas presentes. No caso contrario, o asunto será tratado na sesión seguinte do Consello.

Artigo 12. Funcións da Presidencia

Serán funcións da Presidencia as seguintes:

- a) Representar o Consello que preside.
- b) Convocar as sesións e establecer previamente a orde do día.
- c) Presidir e moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates para efectos de adoptar acordos.
- e) Remitirlle os acordos adoptados ao Concello de Ferrol.
- f) Cursar invitación a cantos técnicos municipais considere oportuno para que asistan as sesións.
- g) As demais funcións que se lle atribúan por acordo do Pleno do Concello ou a través do seu Regulamento de organización e funcionamento.

Artigo 13. Funcións da Secretaría do Consello

Serán funcións da Secretaría do Consello as seguintes:

- a) Asistir as sesións con voz e sen voto

- b) Executar a convocatoria das sesións do órgano por orde da súa Presidencia, así como as citacións as compoñentes do Consello.
- c) Recibir calquera acto de comunicación das persoas que o conforman, as notificacións, peticións de información, ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- d) Despachar os asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.
- e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- f) Aquelas que lle atribúa o Pleno do Concello de Ferrol mediante acordo plenario ou a través do Regulamento de organización e funcionamento.

Artigo 14. Adopción de acordos

O sistema habitual de traballo é a busca de acordos por consenso, se este nalgún caso non é posible, recórrase ao voto e os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas presentes que teñan dereito ao voto. No caso de empate a presidencia do Consello terá voto de calidade.

O voto será secreto por petición de calquera das compoñentes do Consello.

Artigo 15. Actas

A secretaría do Consello redactará acta das reunións. As actas remitiráselles a todas as persoas integrantes do Consello e someteranse á aprobación do mesmo na seguinte sesión que se realice.

As actas serán publicadas na web municipal e estarán a disposición da cidadanía nas dependencias do Edificio Social de Benestar Social, na rúa Sánchez Barcáiztegui, 35.

Remitiráselles acta de todas as reunións aos membros do Consello e a todas as entidades relacionadas co sector inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás. A acta deberá ser enviada no prazo máximo dun mes dende a celebración da reunión.

Artigo 16. Grupos de traballo

Para o estudo de temas puntuais e concretos relacionados co ámbito do Consello Sectorial de Benestar Social, poderanse constituír comisións de traballo específicas, por iniciativa da Presidencia do Consello ou por petición da maioría das persoas que o integran.

Poderán participar nos grupos de traballo ademais das compoñentes do Consello que se designen para formar parte del, tamén especialistas dos diferentes temas obxecto de estudo que sexan propostos pola maioría das persoas integrantes do Consello.

O réxime de funcionamento dos grupos de traballo será flexible, axeitado á urxencia do tema; a convocatoria e coordinación dos grupos de traballo corresponderalle á Presidencia, a cal poderá delegar na Secretaría se o considera oportuno. Os acordos adaptaranse por maioría simple das persoas presentes no grupo de traballo.

Artigo 17. Ditames do Consello

Os ditames do Consello, ao ter este un carácter consultivo e de participación cidadá, terán unha importancia singular, constituíndo directrices, co rango de recomendacións para os órganos de Goberno municipal, os cales terán que dar resposta motivada a todas as recomendacións formuladas polo Consello e que sexan rexeitadas ou modificadas.

Artigo 18. Memoria

O Consello Sectorial de Benestar Social elaborará unha memoria anual, que será difundida na web municipal e darase conta dela na Comisión de Participación Cidadá do Concello.

As valoracións e propostas de cada Consello Sectorial serán comunicadas á correspondente Comisión Informativa para a súa posterior inclusión no orde do día do Pleno.

Capítulo V. Medios

Artigo 19. Medios materiais e humanos

Para o cumprimento dos seus fins e obxectivos, o Consello Sectorial de Benestar Social servirse dos medios persoais e materiais do Concello de Ferrol.

Disposición adicional

A aprobación do presente Regulamento, así como a súa posterior modificación total ou parcial, e a súa derogación correspóndelle ao Pleno Municipal.

Disposicións finais

Primeira.- Para todo o non regulado no presente regulamento, estarase ao establecido na lexislación vixente de Réxime local, no Regulamento orgánico do Concello e no Regulamento de participación cidadá.

Segunda.- O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación definitiva no *Boletín Oficial da Provincia*, tras o cumprimento do prazo establecido no artigo 65.2 da Lei reguladora das bases de réxime local (lei 7/1985, de 2 de abril).

Ferrol,

A concelleira delegada da Área de Benestar Social e Patrimonio Histórico

Eva Martínez Montero